

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

6713 *Real decreto 389/2011, do 18 de marzo, polo que se establecen os baremos de indemnización de animais no marco dos programas nacionais de loita, control ou erradicación da tuberculose bovina, brucelose bovina, brucelose ovina e cabrúa, lingua azul e encefalopatías esponxiformes transmisibles.*

O artigo 17.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, dispón que, en caso de sospeita dunha enfermidade de carácter epizoótico que, pola súa especial virulencia, extrema gravidade ou rápida difusión, implique un perigo potencial de contaxio para a poboación animal, incluída a doméstica ou silvestre, ou un risco para a saúde pública ou para o ambiente, ou de calquera proceso patolóxico que, aínda non reunindo as características mencionadas, ocasione a sospeita de ser unha enfermidade das incluídas nas listas de enfermidades de declaración obrigatoria, a autoridade competente poderá adoptar, como medida cautelar, o sacrificio obrigatorio dos animais enfermos e sospeitosos, e no seu artigo 18 prevé que, tras a confirmación definitiva da existencia da enfermidade, a comunidade autónoma actuará do modo establecido en cada caso. Así mesmo, no seu artigo 21, dispón que o sacrificio obrigatorio dos animais dará lugar á correspondente indemnización pola autoridade competente, en función dos baremos aprobados, e que, para ter dereito á indemnización, o propietario dos animais deberá ter cumprido a normativa de sanidade animal aplicable en cada caso.

Dentro deste marco, os baremos aplicables ao gando vacún, ovino e cabrún prevense no Real decreto 1328/2000, do 7 de xullo, polo que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais obxecto de programas nacionais de erradicación de enfermidades, na Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 15 de decembro de 2000 pola que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais afectados de lingua azul, e na Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 15 de decembro de 2000 pola que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio de animais sospeitosos ou afectados de encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio deben ser o máis axustados posible, evitando sobrecompensacións. Deben estar lixeiramente por debaixo dos prezos de mercado co fin de que os gandeiros asuman polo menos unha parte dos custos da loita fronte ás enfermidades, seguindo as directrices da Nova estratexia de sanidade animal da Unión Europea. O valor da calidade xenética, da conformación ou das diferenzas en canto ao sexo debe ser asumido polo gandeiro como forma de corresponsabilidade, ben directamente ou ben mediante a contratación de seguros, para o cal o sistema de seguros agrarios combinados español proporciona unha ferramenta modelo.

Os rangos de idade son demasiado amplos no caso dos baremos de indemnización, o que crea agravios comparativos entre as diferentes categorías. Dado que pola situación conxuntural actual o valor vida dos animais de aptitude leiteira é elevado, é necesario diferenciar a aptitude nos baremos, tanto de vacún como de ovino e cabrún. No baremo de ovino e cabrún débese introducir un valor para a recría e posibilitar o aumento da indemnización no caso de baleirados sanitarios decretados pola autoridade competente, co fin de facilitar a loita epidemiolóxica fronte á enfermidade.

De acordo co exposto, resulta preciso establecer os baremos de indemnización aplicables de forma unificada.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en desenvolvemento do artigo 21.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de marzo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é establecer os baremos de indemnización por:

- a) Sacrificio obrigatorio de animais no marco dos programas nacionais de loita, control ou erradicación da tuberculose bovina, brucelose bovina, brucelose ovina e cabrúa, lingua azul e encefalopatías esponxiformes transmisibles.
- b) Sacrificio obrigatorio de animais destas especies de ruminantes recollido no artigo 8.1.b) da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, en ausencia de norma específica.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase como:

- a) Ovino e cabrún de idade menor ou igual de tres meses: animais ata a erupción total dos incisivos caducos.
- b) Recría de ovino e cabrún, de idade comprendida entre tres meses e un día e 12 meses: animais identificados individualmente en función da normativa de identificación aplicable, ou vacinados fronte a brucelose ou lingua azul, ou destinados a reposición.
- c) Non recría de ovino e cabrún, de idade comprendida entre tres meses e un día e 12 meses: animais non identificados individualmente en función da normativa de identificación aplicable, ou non vacinados fronte a brucelose, ou non destinados a reposición.
- d) Ovino de idade comprendida entre 12 meses e un día e 60 meses: animais entre o rasamento total dos dentes caducos e a erupción total dos dentes permanentes.
- e) Ovino e cabrún de idade superior a 60 meses: desde o inicio do rasamento dalgún dente permanente.

Artigo 3. *Baremos de indemnización.*

1. Os baremos de indemnización polo sacrificio ou matanza obrigatorios dos animais das especies vacúa, ovina e cabrúa no marco dos programas nacionais de prevención, loita, control ou erradicación da tuberculose bovina, a brucelose bovina, a brucelose ovina e cabrúa, a lingua azul e as encefalopatías esponxiformes transmisibles, das explotacións onde se detectaron focos das ditas enfermidades, ou daqueles animais que a autoridade competente considere infectados ou sospeitosos de estalo, serán os que se detallan nos anexos I e II.

2. Eses baremos serán, así mesmo, de aplicación aos animais falecidos como consecuencia da vacinación obrigatoria contra as ditas enfermidades, ou das medidas de prevención, control, loita ou erradicación contra elas impostas pola autoridade competente, cando a autoridade competente poida verificar a relación causa/efecto.

Para eses efectos, os titulares das autorizacións de comercialización das vacinas deberán advertir na súa etiquetaxe ou no prospecto, en caso de se prever así na autorización de comercialización, as reaccións anafilácticas derivadas da vacinación e causa de morte.

A Administración que pagou a indemnización prevista neste real decreto exercerá, se é o caso, a acción de repetición contra o titular da autorización de comercialización da vacina ou contra o terceiro de que se trate de ter incorrido en responsabilidade por defectos na vacina ou no proceso de vacinación.

3. A contía percibida polo baremo esgota a indemnización, sen que os propietarios dos animais poidan formular reclamación adicional á Administración por tal concepto.

Disposición adicional única. *Lingua azul.*

Non obstante o previsto no artigo 3 deste real decreto, serán de aplicación os baremos do anexo I e II no caso de animais mortos por causa da infección por serotipos do virus da lingua azul:

a) Fronte aos que existan programas oficiais de vacinación no caso de que os animais, ou ben non poidan ser obxecto de vacinación porque así o exprese o programa, ou ben non se finalizase neles a pauta de vacinación prevista polo laboratorio fabricante da vacina, sempre que a autoridade competente declarase un foco na explotación; este suposto tamén comprenderá os mortos pola mesma causa desde a notificación do foco ou desde a comunicación oficial de existencia de animais positivos.

b) Fronte aos que non existan vacinas autorizadas, ou fronte aos que existan vacinas autorizadas pero que se detecten en áreas en que estea prohibida a vacinación, ao existir un recoñecemento de libre fronte a ese serotipo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O Real decreto 1328/2000, do 7 de xullo, polo que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais obxecto de programas nacionais de erradicación de enfermidades.

b) A Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 15 de decembro de 2000 pola que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais afectados de lingua azul.

c) A Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 15 de decembro de 2000 pola que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio de animais sospeitosos ou afectados de encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de adaptación.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para actualizar, cunha periodicidade polo menos anual, e logo de consulta ás comunidades autónomas e entidades representativas do sector, a contía dos valores dos anexos en función dos prezos de mercado de acordo coa información dispoñible no dito departamento, así como para adaptar os anexos deste real decreto ás modificacións exixidas pola normativa comunitaria e para incluír novos anexos con outras especies ou enfermidades.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor e aplicación.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e será aplicable a todos os animais cuxo sacrificio obrigatorio sexa decretado pola autoridade competente a partir da dita data ou, no caso previsto no artigo 3.2, aos animais falecidos desde esa data.

Dado en Madrid o 18 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO

ANEXO I

Gando vacún

1. O baremo será do 75 por cento dos valores seguintes, en función da aptitude dos animais:

Vacún de aptitude cárnica

| Idade | Euros |
|---|--------|
| Igual ou inferior a un mes | 147,13 |
| Superior a un mes e igual ou inferior a 3 meses | 209,00 |
| Superior a 3 meses e igual ou inferior a 9 meses | 401,93 |
| Superior a 9 meses e igual ou inferior a 18 meses | 481,77 |
| Superior a 18 meses e igual ou inferior a 24 meses | 514,47 |
| Superior a 24 meses e igual ou inferior a 48 meses | 707,26 |
| Superior a 48 meses e igual ou inferior a 84 meses | 643,08 |
| Superior a 84 meses e igual ou inferior a 120 meses | 481,87 |
| Superior a 120 meses | 321,54 |

Vacún de aptitude leiteira

| Idade | Euros |
|--|--------|
| Igual ou inferior a un mes | 147,13 |
| Superior a un mes e igual ou inferior a 3 meses | 209,00 |
| Superior a 3 meses e igual ou inferior a 10 meses | 602,56 |
| Superior a 10 meses e igual ou inferior a 17 meses | 682,39 |
| Superior a 17 meses e igual ou inferior a 24 meses | 715,09 |
| Superior a 24 meses e igual ou inferior a 48 meses | 907,88 |
| Superior a 48 meses e igual ou inferior a 72 meses | 843,71 |
| Superior a 72 meses | 321,54 |

2. No caso de animais obxecto de comiso total, establécese o seguinte valor complementario para a carne, que se engade ao anterior:

Vacún de aptitude cárnica

| Idade | Euros |
|---|--------|
| Igual ou inferior a un mes | 41,20 |
| Superior a un mes e igual ou inferior a 3 meses | 58,52 |
| Superior a 3 meses e igual ou inferior a 9 meses | 128,61 |
| Superior a 9 meses e igual ou inferior a 18 meses | 192,71 |
| Superior a 18 meses e igual ou inferior a 24 meses | 205,79 |
| Superior a 24 meses e igual ou inferior a 48 meses | 282,91 |
| Superior a 48 meses e igual ou inferior a 84 meses | 257,24 |
| Superior a 84 meses e igual ou inferior a 120 meses | 192,75 |
| Superior a 120 meses | 128,61 |

Vacún de aptitude leiteira

| Idade | Euros |
|--|--------|
| Igual ou inferior a un mes | 41,20 |
| Superior a un mes e igual ou inferior a 3 meses | 58,52 |
| Superior a 3 meses e igual ou inferior a 10 meses | 128,61 |
| Superior a 10 meses e igual ou inferior a 17 meses | 192,71 |
| Superior a 17 meses e igual ou inferior a 24 meses | 205,79 |
| Superior a 24 meses e igual ou inferior a 48 meses | 565,81 |
| Superior a 48 meses e igual ou inferior a 72 meses | 514,47 |
| Superior a 72 meses | 257,23 |

3. O baremo será do 100 por cento en caso de baleirado sanitario. Así mesmo, a contía resultante en cada caso incrementárase nun dez por cento nos casos de pertenza da explotación a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira.

ANEXO II**Gando ovino e cabrún**

1. O baremo será do 75 por cento dos valores seguintes, en función da especie e aptitude dos animais:

| Ovino de leite | Euros |
|--|-------|
| Recría de idade superior a 3 meses e non superior a 12 meses | 56,25 |
| Idade superior a 12 meses e inferior a 60 meses | 96,46 |
| Maior de 60 meses | 45,01 |

| Ovino de carne | Euros |
|--|-------|
| Recría de idade superior a 3 meses e inferior a 12 meses | 43,41 |
| Idade superior a 12 meses e inferior a 60 meses | 80,39 |
| Maior de 60 meses | 45,01 |

| Cabrún de leite | Euros |
|--|-------|
| Recría de idade superior a 3 meses e inferior a 12 meses | 56,25 |
| Idade superior a 12 meses e inferior a 60 meses | 96,46 |
| Maior de 60 meses | 45,01 |

| Cabrún de carne | Euros |
|--|-------|
| Recría de idade superior a 3 meses e inferior a 12 meses | 43,41 |
| Idade superior a 12 meses e inferior a 60 meses | 48,24 |
| Maior de 60 meses | 24,44 |

2. O baremo será do 100 por cento en caso de baleirado sanitario para as categorías de animais do número 1. Así mesmo, no dito suposto e cando os animais se sacrifiquen na explotación, serán tamén indemnizables cun baremo do 100 por cento, as seguintes categorías de animais cos valores que se expoñen a continuación:

| Ovino de leite | Euros |
|---|-------|
| De idade igual ou inferior a 3 meses | 33,71 |
| De non recría e de idade superior a 3 meses e inferior a 12 meses | 37,67 |

| Ovino de carne | Euros |
|---|-------|
| De idade igual ou inferior a 3 meses | 33,71 |
| De non recría e de idade superior a 3 meses e inferior a 12 meses | 37,67 |

| Cabrún de leite | Euros |
|---|-------|
| De idade igual ou inferior a 3 meses | 33,71 |
| De non recría e de idade superior a 3 meses e inferior a 12 meses | 37,67 |

| Cabrún de carne | Euros |
|---|-------|
| De idade igual ou inferior a 3 meses | 33,71 |
| De non recría e de idade superior a 3 meses e inferior a 12 meses | 37,67 |

3. Non obstante, en caso de sacrificio en matadoiro, non serán indemnizables os dous grupos de idade citados no número 2 no caso dos programas nacionais previstos no Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, ou da lingua azul, nin o primeiro grupo de idade (animais de idade igual ou inferior a 3 meses) no caso das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, salvo que sexan obxecto de comiso total.

4. Incrementarase o resultado das anteriores contías nun dez por cento nos casos de pertenza da explotación a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira, e na cantidade de 6,01 euros en caso de sacrificio dos animais na explotación ou en planta de transformación, para compensar o valor carne perdido.